



Arredor do topónimo como signo lingüístico

About place name as linguistic sign

Gonzalo HERMO GONZÁLEZ¹

RESUMO: O presente artigo aborda algúns aspectos que tocan ao topónimo como signo lingüístico e as particularidades que este presenta con respecto ao léxico apelativo ou común, tanto do punto de vista do seu significante como da problemática noción de «significado» en toponimia. O traballo afonda no aproveitamento que do significante toponímico se pode tirar para o campo de estudo da lingüística histórica e presenta a realidade toponímica como unha oportunidade para reconsiderar, cuestionar ou ampliar a concepción de significado que se vén empregando na tradición estruturalista.

PALAVRAS-CHAVE: Onomástica. Toponimia. Signo lingüístico. Lingüística histórica.

ABSTRACT: This contribution discusses some issues of place name as linguistic sign and its particularities with regard to common nouns, analysing its signifier and its discussed “signified”. The paper demonstrates the value of the toponyms for historical linguistics and presents place names as an opportunity to reconsider, question or expand the concept of signified that has been coined by structural theory.

15

KEYWORDS: Onomastics. Place names. Linguistic sign. Historical linguistics.

Introdución

Os estudos de toponimia en Galicia gozan dunha ampla tradición que se remonta aos albores da lingüística galega. Co seu *Onomástico*, Martín Sarmiento (s. XVIII) comeza unha andaina investigadora que, a partir da segunda metade do s. XX, á calor dos traballos dos profesores Abelardo Moralejo e Joseph M. Piel, sentará as bases da moderna ciencia onomástica galega². A liña que se impón, e que ecoa aínda con forza na obra dos investigadores en activo, é unha liña de dirección etimolóxica, isto é, de preocupación preeminente por esclarecer o étimo de nomes de lugar do territorio galego³. Escasean, en

¹ Universitat Autònoma de Barcelona – UAB – Departament de Filologia Francesa i Romànica. Barcelona – Catalunya – España. E-mail: gonzalo.hermo@uab.cat

² Pódese consultar unha historia dos estudos de toponimia galega de Sarmiento aos nosos días en Santamarina, 2017, p. 27-34.

³ O traballo de Boullón do ano 2010, onde se recolle a bibliografía existente ata o momento sobre toponimia galega, dá conta da continuidade dese enfoque da investigación, así como manifesta a boa saúde de que gozan en xeral os estudos de toponimia en Galicia. É interesante sinalar, con todo, unha liña de investigación activa na lingüística galega que parte do cruzamento de datos tirados da toponimia e da dialectoloxía, con traballos como os de Álvarez (2002), Navaza (2002), Boullón (2012) ou Pérez Capelo (2015).



cambio, os traballos que se deteñen a apuntalar os fundamentos teóricos en que se basea a onomástica (e, no que aquí interesa, a toponimia) como disciplina lingüística. As publicacións que se debruzan sobre cuestións como o estatuto lingüístico do topónimo ou sobre tipoloxía toponímica son máis ben cativas en Galicia⁴, sobre todo en relación á abundancia de traballos de orientación etimolóxica con base na toponimia dunha zona determinada, sexa unha freguesía, un concello ou unha área territorial máis grande⁵. Cómpre sinalar que esta dinámica non é exclusiva de Galicia, sendo extensible aos demais contextos científicos de ámbito iberorrománico.

A escaseza de bibliografía teórica resulta tamén rechamante se a comparamos coa que presentan outras disciplinas lingüísticas como a sintaxe, a morfoloxía ou a semántica. Mentres estas áreas de coñecemento asentan acotío en piares teóricos firmes, con orientacións diferentes en función das escolas e discusións conceptuais e metodolóxicas de longo alcance, semella que a onomástica, e nomeadamente a toponimia, acostuma a voar sen unha rede conceptual ben definida que terme dela. Con frecuencia, conceptos como *hodonimia*, *naonimia*, *antropotopónimo* ou *retoponimización* aparecen nos traballos de toponimia galega dando por sentadas ou tratando de xeito pouco prolixo as nocións que se atopan por detrás desas etiquetas. Esta orientación escasamente teorizadora explícase pola predominancia, xa apuntada, de traballos centrados na recollida e análise de datos toponímicos, quer tirados dun determinado territorio, quer dunha fonte documental. Mais tamén debemos ter en conta o interese que os topónimos suscitan en ámbitos de saber non lingüístico, como a historia, a cartografía, a arqueoloxía ou a botánica⁶, de tal xeito que as aproximacións existentes ao estudo dos topónimos non son sempre levadas a cabo por especialistas en lingua e, en consecuencia, non sempre presentan o grao de rigor en materia lingüística que se esperaría dun lingüista.

Consciente desta realidade, nas páxinas que seguen propóñoome ofrecer unha contribución á teoría da toponimia sobre a base da reflexión dos nomes de lugar do territorio galego. En concreto, abordarei algúns aspectos que tocan ao topónimo como signo lingüístico e as particularidades que este presenta con respecto ao léxico apelativo ou común, tanto do punto de vista do seu significante como da problemática noción de «significado» do topónimo. Para este labor terei en consideración obras de especialistas do ámbito hispánico que se preocuparon pola definición e categorización da toponimia, como Maximiliano Trapero (1995 e 1997) e Terrado Pablo (1999).

Son os topónimos signos lingüísticos?

De acordo coa definición clásica de Saussure (2005), o signo lingüístico é unha unidade formada pola asociación dunha imaxe acústica ou *significante* e dun concepto ou *significado*. Daquela, en relación aos topónimos ou nomes de lugar, cabe preguntarse: teñen

⁴ Martínez Lema (2017a) abordou nun artigo recente unha proposta xeral de tipoloxía toponímica, non circunscrita a análise dos topónimos dunha determinada área territorial, que supón unha excepción notable á tónica comentada.

⁵ Exemplos, desta perspectiva, son as obras de Palacio (1981), Rivas (1982), Marqués (2004) e Navaza (2006) ou os estudos de Nicandro Ares sobre topónimos de concellos da provincia de Lugo, recollidos en Ares, 2012-2013.

⁶ Sobre o carácter multidisciplinar da toponimia e o seu aproveitamento por parte de disciplinas non lingüísticas *cf.* Ramírez, 1988 e Terrado, 1999, p. 18-26.



significado topónimos como *Lugo*, *Vigo* ou *Santiago de Compostela*? Pénsese que esta pregunta se dirixe contra a cerna da toponimia como disciplina lingüística, pois de chegarmos a unha resposta negativa, habemos concluír que os topónimos non son signos lingüísticos e, polo tanto, o seu campo de estudo non ha ser o da lingüística.

Para irmos debullando a cuestión, repárese na distinción que Maximiliano Trapero, con base en Coseriu (1977), recolle entre *significado* e *designación*:

el significado es un tipo de contenido que se constituye como valor estructural en la propia lengua, mientras que la designación es un objeto de referencia extralingüística que se conforma en el conocimiento que el hablante tiene de la realidad (TRAPERO, 1997, p. 245)

En galego, o substantivo *mazá* posúe o significado de ‘froito da maceira’, cun valor estable na lingua atinxido por oposición (en relación a *pera*, *pexego*, *cereixa* etc.). Neste sentido, se eu digo «come esta *mazá*», o referente será a *mazá* que teño na man e que estou a ofrecerche. Con todo, en función do seu significado, *mazá* pode designar potencialmente calquera froito da maceira da realidade e non unicamente a *mazá* que che ofrezco.

Isto non acontece cos topónimos. Desde unha perspectiva sincrónica, un nome como *Lugo* non significa nada; é un significante que serve para referírmonos a unha cidade do nordeste de Galicia. É dicir, non hai un concepto ligado de xeito indisociable ao significante *Lugo*, como si o hai entre ‘froito da maceira’ e o significante *mazá*. O valor dun topónimo é, pois, de tipo referencial: designar un espazo xeográfico concreto da realidade.

Con todo, isto non quere dicir que os topónimos non sexan elementos integrados da lingua. En palabras de Trapero (1997, p. 242), os nomes de lugar «pertenecen al corpus léxico de los hablantes de una región determinada» e, polo tanto, han ser obxecto de estudo da lingüística. Os topónimos, como os antropónimos ou nomes persoais, son signos lingüísticos en que se produce unha superposición entre o significado e a realidade, ou o que é o mesmo, o seu «significado» ou valor é a designación dunha realidade (RODRÍGUEZ DÍEZ, 2003, p. 27). Son o que, fronte aos chamados *substantivos comúns*, denominamos *nomes propios*, cuxa existencia dá para repensar a concepción tradicional de *significado* que se vén empregando na teoría estruturalista, tema no que afondaremos máis adiante (*cf.* § 3).

Aínda que moitas veces se dea por coñecida, a apreciación que veño de esbozar resulta aínda necesaria, fundamentalmente por dous motivos. O primeiro é que, por careceren os nomes propios de significado de acordo coa literariedade da definición saussuriana, non faltan lingüistas que consideren que topónimos e antropónimos non forman parte da lingua (RODRÍGUEZ DÍEZ, 2003, p. 23-24). En segundo lugar, cómpre reforzar o papel que a lingüística debe desempeñar na análise e estudo da toponimia. Aínda que a onomástica poida ser considerada unha *interdisciplina* (Ramírez, 1988), por confluíren nela saberes diversos provenientes da historia, a arqueoloxía, a cartografía ou a socioloxía, o certo é que traballa con elementos da lingua e, polo tanto, a súa dirección fundamental ha ser a lingüística.

O significante do topónimo. Unha fonte de estudo privilexiada para a lingüística histórica

Reparemos agora nalgúns aspectos que caracterizan o significante dos topónimos en relación ao do léxico común, empregando para isto unha perspectiva diacrónica.



En principio, os topónimos non son alleos á evolución fonética e morfolóxica do léxico común dunha lingua. Poñamos por caso, a tendencia á disimilación que se observa na vogal pretónica de resultados coloquiais como **taléfono*, por *teléfono*, fenómeno responsable da evolución desde o latín ao galego de formas como *filloa* (< lat. FOLIOLA) ou *fermoso* (< lat. FORMOSU), está tamén presente na toponimia. Así, o topónimo *Serantes*, nome de varias freguesías e aldeas de Galicia, aparece recollido regularmente na documentación medieval como *Sarantes*, con *a* pretónico, o que indica que o resultado moderno se xerou por unha acción de tipo disimilatorio equiparable á dos apelativos arriba comentados⁷.

Outro exemplo. O substantivo galego moderno *mazarico*, nome dunha ave da orde dos caradriformes, tamén chamado *zarapico* ou *zarrapico*, é unha forma xerada por metátese sobre o medieval *maracico*, probablemente pola atracción analóxica de *mazar* ‘golpear cun mazo’. Pois ben, a forma medieval do topónimo *Mazaricos*, nome dunha freguesía e concello da comarca galega do Xallas, na provincia da Coruña, era *Maraciquos*⁸, de tal xeito que a mudanza por metátese que se produciu no apelativo se estendeu tamén ao topónimo equivalente⁹.

Con todo, obsérvase no significante dos topónimos unha tendencia a presentar unha maior grao de resistencia á evolución da lingua ca o léxico común. Os topónimos preséntanse nalgunhas ocasións como reliquias de estadios evolutivos pretéritos, constituíndose nunha fonte de información privilexiada para a lingüística histórica. Así, a existencia dos pares toponímicos *Mouzo / Monzo*, *Mouzón / Monzón*, *Couso / Conso* ou *Coucieiro / Concieiro* evidencia que, nalgún momento da historia do romance galego do que non hai constancia documental, existiu unha solución resultante do ditongo latino AU (AURU > *ouro*; CAUTU > *couto*) con redución do ditongo e xeración dunha nasal secundaria: *CAU(S)SU > *Conso*, ao lado de *Couso*. Onde a documentación histórica non chega, pode chegar o significante toponímico.

Por outra banda, pode acontecer que os topónimos presenten un maior grao de variación fonética, ás veces con resultados descoñecidos nos seus apelativos equivalentes. Isto débese á perda da conciencia do sentido orixinal do topónimo e ao elevado nivel de uso que este presenta no nivel local. Valla como exemplo a herdanza toponímica galega do latín E(C)CLESIA, que inclúe variantes non testemuñada no apelativo correspondente como *Irexe*, *Eirixa*, *Eirixe* ou *Grixa* (SANTAMARINA, 2008, p. 937-943).

Aínda, os datos que nos achega a proxección toponímica dun apelativo poden ser empregados pola lingüística histórica para atinxir información sobre a antigüidade de variantes do léxico común. En galego, a forma máis frecuente para denominar a árbore que dá noces é *nogueira*, resultado común ao portugués que procede dun derivado en *-arĩa* do latín *nŭx*, *nŭcis* ‘noz’, seguramente a través dun voz latino-vulgar **nŏce* ‘íd.’ (NAVAZA, 2006, p. 372). Mais, ao lado de *nogueira*, rexístrase en galego a variante *noceira*, xerada directamente sobre *noz*¹⁰. Malia que a explicación etimolóxica que acabamos de trazar daría para concluír por si mesma que, do par *nogueira/noceira*, a forma máis antiga é a primeira, isto vese corroborado pola existencia na toponimia desa primeira variante, mentres que a segunda non

⁷ Sobre a etimoloxía de *Serantes* cfr. Hermo González 2013.

⁸ *Tombo de tenzas primeiro* (segunda metade do s. XIV), fol. 19r, liña 12 (Hermo González, 2017, p. 118).

⁹ Para un estudo sobre o zoónimo *mazarico* na onomástica galega cfr. Martínez Lema, 2017b.

¹⁰ Ademais das variantes comentadas, a árbore que dá noces pode recibir en galego as denominacións de *nogal*, *cuncheiro/a*, *conchal* ou *carroleiro*, entre outras. Pódese consultar a lista completa de variantes, xunto á súa distribución xeolectal, en ALGA VI, 611 (mapa nº 251).



aparece. É dicir, o feito de que na toponimia galega se rexistre a forma *Nogueira* e non *Noceira* é un argumento a favor da maior antigüidade desta variante.

En conclusión, o significante toponímico presenta riscos compartidos co do léxico apelativo, pero tamén características particulares, como a tendencia á conservación de fenómenos lingüísticos desaparecidos da lingua común, das que a lingüística histórica pode tirar un frutífero rendemento.

A problemática noción de «significado» en toponimia

Volvamos agora á cuestión que nos ocupaba nas derradeiras liñas da epígrafe 2. Se os topónimos son signos lingüísticos que, de acordo coa definición saussuriana, carecen de significado en sentido estrito, cabe preguntarse: que acontece cos chamados *topónimos descriptivos* ou *transparentes*, aqueles cuxa correspondencia cun apelativo se evidencia dun xeito inmediato para os falantes dunha lingua?

Respondamos esta pregunta valéndonos dun exemplo. Na freguesía galega de Arbo, no concello homónimo da provincia de Pontevedra, existe unha núcleo de poboación chamada *A Aldea*. Se aplicamos unha análise lingüística como a que vimos de trazar a este topónimo, habemos concluír que *A Aldea* se trata dun significante (materia sonora) carente de significado (concepto), cuxo valor é designar unha entidade de poboación da realidade extralingüística, neste caso unha localidade situada en Arbo. Mais esta análise lingüística bate co saber lingüístico dos falantes, que son plenamente conscientes da correspondencia do topónimo (de carácter designativo) co apelativo *aldea* e, polo tanto, co seu significado de ‘núcleo de poboación rural de pequeno tamaño’. É dicir, os planos designativo (toponímico) e conceptual (en relación ao significado do apelativo *aldea* que orixinou o topónimo) non están completamente diferenciados na mente dos falantes. Só unha análise lingüística que teña en conta unha concepción restritiva de significado nos permite manter xebrados ambos os planos en compartimentos estancos¹¹.

Terrado Pablo explica esta dualidade valéndose dunha metáfora de forte poder suxestivo:

La belleza y la utilidad de los topónimos estriba precisamente sobre ese doble modo de significar: el inmediato, su identificación de una realidad, y el mediato, la alusión a unos rasgos descriptivos, a una categorización de los objetos del mundo. Y esos dos modos de significar se superponen. Como sobreponemos a veces un cristal a algunas láminas de papel bien enmarcadas, para preservarlas del paso del tiempo (TERRADO, 1999, p. 17).

A este respecto, o propio Terrado (1999, p. 70-71) establece unha distinción que ten sido aproveitada en estudos de toponimia galega recente (*cfr.*, por exemplo, MARTÍNEZ LEMA, 2010, p. 35) e que pode ser útil á hora de deitar luz sobre a problemática noción de «significado» en toponimia. De acordo con este autor, nun topónimo debemos diferenciar

¹¹ Malia que o tema excede os obxectivos propostos neste traballo, vale a pena comentar que a toponimia (non así a antroponimia) pon en tea de xuízo outro dos principios fundacionais da lingüística estruturalista, como é a arbitrariedade do signo lingüístico. Pénsese que a creación dun topónimo como o comentado *A Aldea* a partir do apelativo correspondente está motivada e, polo tanto, non é arbitraria. Sobre esta cuestión *cfr.* Rodríguez Díez, 2003.



entre o seu *designatum* (o tipo de lugar que identifica), o seu *significatum* (o valor do elemento léxico empregado para a súa creación) e o seu *referente* (a realidade única e irrepertible identificada nunha zona determinada polo ser humano). Poñamos por caso, o *designatum* dun topónimo como *Lugo* sería, na análise de Terrado, ‘entidade de poboación, cidade’; o seu *significatum* habería que buscalo no significado do latín LŪCUS e sería, pois, ‘bosque; bosque sagrado’¹² e o seu *referente* asentaría no espazo xeográfico que conforma a cidade de Lugo. A diferenza entre *A Aldea* (topónimo transparente) e *Lugo* (topónimo opaco) radica en que, no primeiro caso, o seu *significatum* é recoñecible para os falantes, mentres que no segundo non o é. Neste sentido, unha das tarefas da onomástica como disciplina é facer recoñecible o *significatum* de topónimos opacos como *Lugo*.

Máis alá da aceptación de que goza a categorización presentada por Terrado, o certo é que os nomes de lugar se presentan ante o lingüistas como unha oportunidade para reconsiderar, cuestionar ou ampliar a concepción de significado que se vén empregando na tradición estruturalista, unha tradición que, non por acaso, de Saussure a Hjelmslev, pasando pola Escola de Praga, nunca se formulou este tipo de cuestións relativas aos topónimos (RODRÍGUEZ DÍEZ, 2003, p. 24). A onomástica, disciplina atenta á perspectiva diacrónica, en boa medida abandonada polo estruturalismo en favor do estudo sincrónico da lingua, ten, daquela, algo que dicir sobre o signo lingüístico e, consecuentemente, tamén sobre a caracterización deses dous planos indisociables que Saussure chamou *significante* e *significado*.

REFERENCIAS

ALGA VI = García, Constantino e Antón Santamarina (dirs.) / Francisco Fernández Rei (coord.). *Atlas Lingüístico Galego. Volume VI: Léxico. Terra, plantas e árbores*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza / Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2016.

ÁLVAREZ BLANCO, Rosario. Topónimos en -edo e -ido. In: BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (ed.). *Actas de XX Congreso Internacional de Ciencias Onomásticas (Santiago de Compostela, 20-25 de setembro de 1999)*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2002, p. 87-101.

ARES, Nicandro. *Estudos de toponimia galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 2012-2013. 2 v.

BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel. Toponimia de Galicia. Estado da cuestión. In: GORDÓN PERAL, Maria Dolores (coord.). *Toponimia de España. Estado actual y perspectivas de la investigación*. Berlin: De Gruyter, 2010, p. 31–58.

¹² Aínda que Lugo está sobradamente documentado en época latina como *Lucus*, e polo tanto a súa procedencia do substantivo latino *lucus* ‘bosque; bosque sagrado’ non está en dúbida, é opinión estendida entre os especialistas que o establecemento do topónimo supuxo a latinización do teónimo celta *Lugh*, de onde tamén procede o nome da cidade francesa de *Lyon*. Este exemplo exemplifica como a toponimia “es el resultado de una diacronía en donde las huellas de los distintos estratos léxicos son muy perceptibles, mucho más que en el léxico común” (TRAPERO, 1997, 243).



BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel. A gheada na onomástica (achegas á estandarización). *Estudos de lingüística galega* 4, 2012, p. 151-168. Disponível em: <<http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/viewFile/408/405>>.

COSERIU, Eugene. *Principios de semántica estructural*. Madrid: Gredos, 1977.

HERMO GONZÁLEZ, Gonzalo. Topónimos de base Sarand- e Serant-: unha hipótese etimolóxica común. *Revista Galega de Filoloxía*, 14, 2012, p. 43-69. Disponível em: <http://ruc.udc.es/dspace/bitstream/handle/2183/12594/RGF_14_2013_art_2.pdf;jsessionid=676CD9A23B97D888AED409F65E630345?sequence=1>.

HERMO GONZÁLEZ, Gonzalo. *O Tombo de tenzas primeiro (ACS CF 17) (1352-1412): estudo completo e edición das vinte e cinco primeiras tenzas, con especial atención ao elemento onomástico*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2017.

MARQUÉS VALEA, Xulia. *A toponimia de Trabada*. [Santiago de Compostela]: Xunta de Galicia, 2004.

MARTÍNEZ LEMA, Paulo. *A toponimia das comarcas de Bergantiños, Fisterra, Soneira e Xallas na documentación do Tombo de Toxos Outos (séculos XII-XIV)*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2010. Disponível em: <http://dspace.usc.es/bitstream/10347/2870/1/9788498875782_content.pdf>

MARTÍNEZ LEMA, Paulo. A clasificación semántica da toponimia. In: BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel (ed.). *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, p. 37-55, 2017a.

MARTÍNEZ LEMA, Paulo. Sobre a repercusión do zoónimo mazarico na onomástica medieval e moderna. *Estudos de lingüística galega*, 9, 2017b, p. 65-86. Disponível em: <<http://www.usc.es/revistas/index.php/elg/article/view/3684>>.

NAVAZA, Gonzalo. Toponimia e dialectoloxía. In: ÁLVAREZ, Rosario Álvarez; DUBERT, Francisco; SOUSA, Xulio. (eds.). *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 2002, p. 137-146. Disponível em: <<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/9777>>.

NAVAZA, Gonzalo. *Fitotoponimia galega*. A Coruña: Fundación Barrié de la Maza, 2006. Disponível em: <http://ilg.usc.es/agon/wp-content/uploads/2010/09/Fitotoponimia_galega.pdf>.

NG = Comisión de Toponimia da Xunta de Galicia. *Nomenclátor de Galicia. Toponimia oficial das provincias, concellos, parroquias e lugares*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 2004. Disponível em: <<http://www.xunta.es/nomenclator/busca.jsp>>.

PALACIO SÁNCHEZ, Xosé Antón. *Toponimia de Pantón*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1981.



PÉREZ CAPELO, Carolina. *Toponimia e variación dialectal en galego. Os topónimos rematados en -oa, -oá, -úa, -uá*. Colección Limiar. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2015. Disponível em: <revistas.udc.es/index.php/rgf/article/download/1876/1238>.

RIVAS QUINTAS, Eligio. *Toponimia de Marín*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1982.

RAMÍREZ, Carlos. Algunos problemas sobre la onomástica como interdisciplina. *Documentos Lingüísticos y Literarios*, 14, p. 41-45, 1988. Disponível em: <http://www.humanidades.uach.cl/documentos_linguisticos/document.php?id=326>.

RODRÍGUEZ DÍEZ, Bonifacio (2003): Nomenclaturas, nombres propios y topónimos. *Moenia*, 9, p. 21-49, 2003. Disponível em: <<https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/5773>>.

SANTAMARINA, Antón. A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. Edifícios relixiosos. In: AXEITOS, Xosé Luís; GRANDÍO, Emilio Grandío; VILLARES, Ramón. (eds.). *A patria enteira. Homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela; A Coruña: Real Academia Galega, 2008, p. 935-949.

SANTAMARINA, Antón. A historiografía da toponomástica na Romanía. In: BOULLÓN AGRELO, Ana Isabel. (ed.). *Estudar toponimia. Aproximacións metodolóxicas e interpretativas*. Anexo de *Verba*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2017, p. 9-35.

SAUSSURE, Ferdinand de. *Curso de lingüística xeral*. Tradución, estudo introdutorio e notas de Xosé Manuel Sánchez Rei. Santiago de Compostela: Laivento, 2005 [1916].

TERRADO PABLO, Javier. *Metodología de la investigación en toponimia*. Zaragoza: Edición do autor., 1999.

TRAPERO, Maximiliano. *Para una teoría lingüística de la toponimia (estudios de toponimia canaria)*. Las Palmas: Universidad de Las Palmas de Gran Canaria, 1995.

TRAPERO, Maximiliano. Para una teoría lingüística de la toponimia. In: Almeida, Manuel; DORDA, Josefa. (eds.). *Contribuciones al estudio de la Lingüística Hispánica. Homenaje a Profesor Ramón Trujillo*, vol. 2. La Laguna: Montesinos y Cabildo Insular de Tenerife, 1997, p. 241-253.

*Recebido em 16/10/2017
Aprovado em 25/11/2017*